



CONCELLO DE VIGO
Secretaría de Goberno Local

D^a. PATRICIA RODRIGUEZ CALVIÑO, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 10 de novembro de 2023**, adoptou o seguinte acordo:

16.- MODIFICACIÓN DO CONVENIO COA FEDERACIÓN DE PEÑAS RECREATIVAS "EL OLIVO" PARA A ORGANIZACIÓN DA FESTA DO MAGOSTO 2023. EXPTE. 9939/335.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Dáse conta do informe-proposta de data 09/11/2023, asinado pola técnica de Admón. Xeral e conformado polo enxeñeiro industrial e polo concelleiro da Área de Goberno, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

PRIMEIRO.- O Concelleiro Delegado da área de Parques e Xardíns, Comercio, Participación Cidadá e Festas Especiais, resolveu o día 26 de setembro de 2023, que se iniciase o expediente necesario para a redacción dun convenio de colaboración coa "Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo" (CIF G-36.704.666), para a realización da "Festa do Magosto 2023", os vindeiros días 11 e 12 de novembro, na Praza do Berbés e nos barrios de Navia ou o Calvario, dentro da programación "Vigo en Festas 2023".01).

SEGUNDO.- En data 27 de outubro de 2023 a Xunta de Goberno Local aproba o seguinte acordo:

"1º.- Que se aprobe o texto de convenio, que se achega no expediente, entre o Concello de Vigo e a "Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo", CIF G-36.704.666, para a organización da "Festa do Magosto 2023".

2º.- Que se autorice un gasto por importe de 9.500,00 euros, en concepto do estipulado no convenio, a favor da "Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo" con cargo á aplicación presupostaria 3380.489.0013 (Convenio F.P.R. El Olivo-Magosto do programa orzamentario de Festas para o vixente exercicio económico."

TERCEIRO.- En data 7 de novembro de 2023 a Federación Viguesa de Peñas Recreativas El Olivo presenta solicitude de cambio "dos espazos previstos para o desenvolvemento do magosto 2023. Berbes, Navia ou Calvario, por Porta do Sol e Alameda Eduardo Cabello (Bouzas), dado que estes dous últimos espazos son mais óptimos debido a o sua maior capacidade e teñen menor tráfico rodado. Podendo así abarcar mais xente e menos problemática co tráfico. Tendo así menos complicacións cos mesmos."



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 16/05/2024 11:15 | Páxina 1 de 2 |
| SUBVENCIONS | CSV: AEAB4A-EA4127-B78227-T7BRSD-YMH69J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |

PROPOSTA:

Estando de acordo coa solicitude presentada xa que o cambio solicitado reverte nunha mellora no desenvolvemento das activades da "Festa do Magosto 2023", o que resulta positivo para o interese público, proponse a adopción, pola Xunta de Goberno Local, do seguinte acordo:

"Modificar o Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a Federación de Peñas Recreativas "El Olivo (G-36.704.666) para a organización da Festa do Magosto 2023, e onde pon "na praza do Berbés e na explanada de Navia ou Calvario" se lea "na Porta do Sol e na Alameda Eduardo Cabello (Bouzas)".

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.

O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



| | | |
|--|--|---------------|
| Copia do documento - Concello de Vigo | Data impresión: 16/05/2024 11:15 | Páxina 2 de 2 |
| SUBVENCIONS | CSV: AEAB4A-EA4127-B78227-T7BRSD-YMH69J-FD | |
| Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv | | |